



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	IES de Vilalonga	Sanxenxo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome do ámbito	Cursos	Sesiós semanais	Sesiós anuais
Educación Secundaria de adultos	Ámbito social	Módulo III Módulo IV	4	115 aprox.

Tipo de oferta

Réxime de adultos

Información adicional

Departamento	Docente
Xeografía e Historia	Juan Antonio Castro Maril



Contido

1. Introdución	3
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave	5
3. Relación de unidades didácticas	11
4. Distribución do currículo nas unidades didácticas	12
5. Relación dos bloques de contido e os obxectivos específicos do ámbito	14
6. Concrecións metodolóxicas	17
7. Materiais e recursos didácticos	20
8. Procedemento para a avaliación inicial	20
9. Criterios de cualificación e recuperación	21
10. Medidas de atención á diversidade	23
11. Concreción dos elementos transversais	23
12. Actividades complementarias	25
13. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	25
14. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27



1. Introducción

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exigen o desenvolvemento das competencias necesarias que axudan aos individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea. O eixe do currículo do Ámbito Social aborda de maneira directa as dimensións comunicativas, interculturais, cidadás e cívicas necesarias para desenvolver esa cidadanía. Tamén vai contribuír ao entendemento e ao coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades e á comprensión da organización e funcionamento destas ao longo do tempo. Así mesmo, este ámbito vai favorecer que o alumnado saiba enfrontarse ás diferentes situacións que se lle presenten no mundo social e laboral seguindo os valores de tolerancia e respecto propios para unha vida en comunidade. A educación en valores cívicos e éticos constitúe polo dito un requisito necesario para o exercicio dunha cidadanía responsable, libre, reflexiva, crítica e con autonomía moral e criterio para aplicar unhas normas e valores que rexen unha convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

Este ámbito procura, ademais, que o alumnado desenvolva mellor as súas habilidades para acceder e seleccionar a información, pois comprende aspectos relacionados coas destrezas básicas para a súa busca e selección como medio para adquirir novos coñecementos, favorecendo así a consecución das ferramentas necesarias para afrontar a manipulación e a desinformación e, ao mesmo tempo, abordar a información e a comunicación cunha perspectiva crítica e adecuada ás súas propias necesidades. Neste sentido, as ferramentas dixitais teñen un potencial indispensable para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación do ámbito; por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización informacional e o uso adecuado, seguro, ético e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación supoñen un elemento de aprendizaxe sumamente relevante.

Os obxectivos deste ámbito supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa, que serán o punto de partida para esta nova etapa en que se deberán ter en conta tanto as súas características específicas como os seus repertorios e experiencias, co fin de garantir a súa inclusión social e, posteriormente, a súa inserción no mundo laboral, a poder ser, con maiores perspectivas e expectativas. Por outra banda, os obxectivos do ámbito, relacionados cos descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, van permitirlle asumir responsablemente os seus deberes e coñecer e exercer os seus dereitos a partir do autocoñecemento e da autonomía moral. Posibilítanlle, ademais, levar a cabo unha convivencia comprometida eticamente cos valores democráticos e ecosociais da aprendizaxe, comprender a orixe e a evolución das sociedades, a construción europea, os valores democráticos e a cidadanía activa afianzando os seus valores éticos e cívicos e valorando a vida comunitaria interconectada, ecodependente e regulada; en definitiva, unha convivencia respectuosa e comprometida co ben común e cunhas formas de vida sustentables.

Os criterios de avaliación do ámbito Social guían o proceso de ensino-aprendizaxe e determinan o grao de consecución dos obxectivos e das competencias polo que se presentan vinculados a eles. Na súa formulación competencial enuncian o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir xunto co contexto ou modo de aplicación. O establecemento dos criterios de avaliación



vén determinado de maneira gradual e deberá garantir sempre a adecuación ás experiencias do alumnado, así como ás súas circunstancias e características específicas.

Pola súa banda, os contidos aglutinan os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para o logro dos obxectivos deste ámbito e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios de avaliación. Comprende esta área o pensamento xeográfico entendido como un conxunto de habilidades para comprender o espazo e entender as razóns que configuran o territorio e o deber de actuar para a consecución dun equilibrio ambiental e sustentable; o pensamento histórico que permite comprender os acontecementos, as súas causas e consecuencias e relacionalos co presente permitindo que o alumnado poida tomar decisións futuras como cidadás e cidadáns autónomos e con espírito crítico. O pensamento ético e de valores contribuirá a adoptar actitudes e comportamentos coherentes como un ben persoal e social.

Polo tanto, abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento do pensamento histórico, do coñecemento xeográfico e da contorna, da sociedade, da xustiza, da sustentabilidade e do benestar, da comprensión e da integración europea e dos valores democráticos co fin de permitir que o alumnado poida asumir responsabilidades, tomar decisións e exercer unha cidadanía activa, comprometida e responsable. Así mesmo, abórdanse contidos para traballar a educación en valores como o autoconhecimento, a autonomía moral e ética, a responsabilidade social e co ambiente, a valoración do patrimonio, a defensa da igualdade real entre homes e mulleres, así como a loita contra calquera tipo de discriminación e o sentido da xustiza e do civismo para unha vida en harmonía coa sociedade.

Por conseguinte, os criterios de avaliación e os contidos do ámbito distribúense en tres bloques. O bloque de «Retos do mundo actual xustiza, ética ambiental e sustentabilidade» contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente da contorna local e global, destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable sobre a interacción co medio social e natural. Deste xeito perséguese unha comprensión básica daquelas relacións de interdependencia, interconexión e ecodependencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociais que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade, etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sustentable que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna material, social e persoal.

O bloque «Sociedades, territorios e democracia» está orientado ao coñecemento do medio xeográfico e da evolución histórica da civilización, chegando a comprender que o pasado marca o presente e tamén se proxecta no futuro. Tamén invita o alumnado a unha investigación sobre aquilo que constitúe natureza como persoa e a afrontar cuestións éticas de relevancia como as referidas á autonomía e heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral. Incide en que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais a que pertence.



O terceiro bloque, «Autonomía moral, compromiso cívico e global», subliña a importancia da responsabilidade cidadá e dos retos do futuro. Para iso terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia e abordar os problemas éticos máis urxentes como os dereitos humanos, a desigualdade, a xustiza global, o compromiso ético coa sustentabilidade e coidado do planeta, a igualdade de xénero, respecto polas minorías, fenómeno migratorio, crise climática, bioética, fomento da paz, etc.

2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Os obxectivos, como fin último, deben servir como referentes dos logros que as alumnas/os deben lograr ao finalizar o proceso educativo, como resultado da planificación da ensinanza-aprendizaxe.

Os obxectivos xerais da materia son:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.



- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Por outra banda, os obxectivos específicos son:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO ÁMBITO
<p>OBX1. Identificar e comprender o proceso histórico da humanidade identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, relacionándoos cos problemas ecosociais e valores presentes para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o patrimonio histórico, así como o compromiso co logro de formas de vida sustentables mostrando unha adecuada estima de si mesmo e da contorna.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Neste obxectivo abórdanse as distintas etapas históricas de forma que o alumnado poida comprender as permanencias e os cambios, a través da contextualización dos fenómenos que se foron producindo e as respostas que se deron en cada momento da historia ata o presente. Permitirá que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, contribuír ao benestar futuro e ao desenvolvemento sustentable con base na solidariedade, na interculturalidade, no respecto polas minorías e na efectiva igualdade e corresponsabilidade entre homes e mulleres. • Para a adquisición deste obxectivo será necesaria a aplicación das estratexias e métodos propios das ciencias sociais que permitan dar resposta ás principais cuestións xeográficas e históricas que deron lugar á realidade en que vivimos. Entender a natureza interconectada e



inter e ecodpendente das accións humanas, así como a orixe e a evolución das relacións sociais, económicas, culturais e políticas, identificando as causas e as consecuencias dos cambios que se foron producindo ao longo do tempo e do espazo, constitúe a base para comprender o mundo actual como paso previo ao compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta. Este obxectivo atende os procesos de identificación colectiva, co fin de alcanzar a comprensión dos distintos elementos que contribuíron á súa construción e evolución, tales como o territorio, a historia, a arte, a lingua e a cultura, a memoria democrática, o voluntariado o asociacionismo, así como a importancia social dos impostos e da contribución do Estado ao fomento da paz e á cooperación internacional.

- Persegue, así mesmo, a comprensión dos mecanismos sociais e emocionais que levan a xerar diferentes sentimentos de pertenza ao longo da historia, respectalos nas súas manifestacións e valorar a importancia que teñen as súas múltiples expresións culturais e artísticas, como parte que son do rico acervo común. Así, recoñecer o significado histórico e simbólico do patrimonio material e inmaterial, e impulsar accións tendentes á súa conservación, promoción e posta en valor como recurso colectivo para o desenvolvemento dos nosos pobos resultan procesos fundamentais para que se tome conciencia da súa importancia. Ademais, o obxectivo é que o alumnado poida aprender a recoñecer, avaliar e xestionar as súas propias emocións, así como comprender e respectar os demais.

OBX2. Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española, destacando a contribución do Estado e as súas institucións para promover unha convivencia en paz, valorar os dereitos humanos, a cooperación internacional, a cohesión social e a solidariedade territorial.

- A globalización fai difícil concibir a vida dunha sociedade allea ao contacto e á interacción con outros pobos. Para poder entender a historia dun país é necesario situalo no escenario dos grandes fluxos de difusión cultural e técnica e no contexto das relacións políticas e da economía internacional. A integración de España no espazo europeo supón un elemento imprescindible para entender a política, a sociedade e a cultura do noso país, facilitando a mobilidade segura, saudable e sustentable dos cidadáns entre os Estados membros.

- O alumnado debe ser capaz de valorar o papel que desempeñou España nas redes de intercambio europeas e que implicacións ten no presente e no futuro da sociedade española o feito de formar parte da Unión. As actividades encamiñadas á adquisición deste obxectivo deberían promover o interese do alumnado pola realidade internacional e os problemas e retos que formula o mundo en que vivimos e, en concreto, no ámbito europeo, para poder entender e asumir o compromiso colectivo de formar parte dunha sociedade globalizada que exige un compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta.

- Os sentimentos de identidade deben valorarse desde as súas diferentes escalas e en relación coas súas consecuencias, tomando conciencia dos conflitos que nalgúns casos contribuíron a ocasionar e da necesidade de recoñecer o sufrimento das vítimas da violencia e do terrorismo. A seguridade integral, garantida por institucións e entidades, constitúe a base da convivencia na nosa sociedade e do exercicio da cidadanía. No mundo global de hoxe, a seguridade debe concibirse dun modo xeral, así como tamén no contexto das relacións e interaccións con outros



pobos. De especial relevancia resulta integrar principios de cohesión e solidariedade territorial, así como concibir a nosa presenza no mundo desde un compromiso fraternal e universal que transcenda as fronteiras, asumindo os valores do europeísmo e os principios que emanan da Declaración universal dos dereitos humanos. É importante que o alumnado entenda a multiculturalidade como o froito de procesos históricos de contacto e interrelación entre distintos pobos e culturas e, máis recentemente, do acelerado proceso de globalización. De aí que resulten necesarios o coñecemento e a valoración dos distintos movementos que foron xurdindo para a defensa dos dereitos e liberdades de colectivos especialmente discriminados e, de maneira referencial, do feminismo.

OBX3. Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.

- Mediante este obxectivo preténdese acadar o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e fundamentos que conforman o noso modelo de convivencia e que están recollidos na Constitución española e plasmados no Estatuto de autonomía de Galicia, garantindo o exercicio das nosas liberdades e dereitos, e promovendo a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, a cohesión social, o cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades e a asunción dos deberes cívicos.
- A Constitución é a norma suprema que recolle os principios e fundamentos que conforman o modelo de convivencia no territorio español. Promove a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, o compromiso social e o traballo en favor de movementos e accións que contribúan á cohesión social e ao cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades tanto en España como no resto do mundo. É produto tanto do período de transición á democracia como dos distintos movementos, accións e acontecementos que, ao longo da historia, afianzaron as ideas e valores que conforman o noso actual sistema democrático. Supón, polo tanto, o recoñecemento da memoria democrática e a análise dos distintos momentos históricos que a conforman, en especial, a perda das liberdades e dereitos tras o golpe de Estado de 1936.
- A Constitución, ademais, establece os principios básicos do sistema democrático español e garante a soberanía nacional que necesita do exercicio dunha cidadanía activa e crítica, pois implica que todos os cidadáns son titulares do poder público de que derivan os poderes legislativo, executivo e xudicial. Por iso, é necesario que o alumnado sexa consciente dos seus dereitos e dos seus deberes en canto cidadáns, e poida adecuar o seu comportamento ao cumprimento dos principios democráticos e constitucionais. A adquisición deste obxectivo garante que o alumnado sexa capaz de actuar exercendo unha cidadanía responsable e participando plenamente da vida social, política e cívica.

OBX4. Seleccionar e contrastar información sobre temas relevantes do presente e do pasado procedente de diferentes fontes, de maneira progresivamente autónoma e crítica para avaliar a súa fiabilidade evitando os riscos de manipulación e desinformación e elaborar e expresar os contidos en varios formatos.



- O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal e evidenciar unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital.

- Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma cooperativa, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de esquemas, traballos, ou proxectos de investigación que deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación e do respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias con que se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de cita, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais... É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe, será un contorno ideal para acadar este obxectivo.

OBX5. Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, xerando unha actitude reflexiva respecto diso para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.

- O propósito fundamental desta tarefa é que o alumnado tome consciencia das calidades e dimensións que caracterizan o ser humano como ser dotado de racionalidade, volición e afectos de acordo coa súa natureza e coas circunstancias sociais, históricas e culturais que a posibilitan e condicionan. O obxectivo último é que o alumnado aprenda a construír libre e criticamente desde o coñecemento e autoconhecimento e o uso adecuado dos conceptos e procedementos fundamentais do saber ético, aqueles xuízos de valor de que depende o seu proxecto vital e o logro dos seus propósitos persoais e profesionais desexables e dignos.

OBX6. Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, do ciclo vital, dos estilos de vida e das relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución no tempo, interactuando de acordo con normas e valores cívicos e éticos para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.

- Vivir en sociedade, interactuar coa contorna e comprender as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e poida contribuír ao benestar futuro e ao desenvolvemento sustentable.

- A adopción de normas e valores cívicos e éticos supón, en primeiro lugar, o recoñecemento da nosa natureza histórica e social, así como unha reflexión arredor da natureza do ético e do político mesmo. En segundo lugar, cómpre atender a condición das alumnas e alumnos como



cidadás e cidadáns dun Estado democrático social e de dereito, integrado no proxecto comunitario europeo e comprometido con principios e valores constitucionais, así como co referente moral que son os dereitos humanos. Este coñecemento crítico do seu contexto social e político promoverá no alumnado unha adecuada consciencia da relevancia do seu papel para afrontar os problemas éticos máis urxentes do presente mediante o uso das ferramentas conceptuais e procedementais adecuadas.

- É necesario subliñar aquí a importancia de fundamentar e suscitar o respecto debido a aqueles principios e valores que constitúen o noso marco cívico e ético de referencia, tales como a solidariedade, a interculturalidade, o respecto polas minorías e a efectiva igualdade e corresponsabilidade entre homes e mulleres, ademais de promover entre o alumnado o coidado do patrimonio cultural e natural, o coñecemento dos fundamentos e acontecementos que conforman a nosa memoria democrática, o voluntariado e o asociacionismo, así como a ponderación do valor e importancia social dos impostos e da contribución do Estado, as súas institucións e outros organismos internacionais e sociais, o fomento da paz, a seguridade integral, a atención ás vítimas da violencia, a defensa para a paz e a cooperación internacional.

OBX7. Identificar e analizar os elementos das diferentes paisaxes e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos e a súa evolución no tempo, entendendo que a natureza está interconectada coas actividades humanas e identificando os problemas ecosociais de relevancia para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.

- O coñecemento das relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión que as nosas formas de vida gardan entre si e con respecto á contorna representa un paso previo ao compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta. Este coñecemento pode darse, primeiro, a través da análise crítica de diversas concepcións que os seres humanos sostiveron e sosteñen sobre a súa relación coa natureza, así como das consecuencias que cada unha destas concepcións tivo e ten con respecto a unha existencia sustentable. En segundo lugar, este coñecemento rematará de construírse ao fío da análise e do diálogo ao redor das diversas formulacións éticas e ecolóxicas desde as cales, máis aló de consideracións puramente instrumentais e antropocéntricas, cabe afrontar hoxe os graves retos e problemas ecosociais. Por outro lado, mostrar unha actitude comprometida co respecto e o coidado da contorna implica o desenvolvemento entre o alumnado de hábitos e accións cotiáns que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos pola ONU. Entre estas accións están as referidas ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos básicos, a mobilidade segura, saudable e sustentable, o compromiso ético e cívico coas leis ambientais, a promoción do consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, o servizo á comunidade e a protección dos animais.

OBX8. Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.



- O recoñecemento e a expresión dunha serie adecuada de actitudes afectivas, tanto o autorrespecto como o respecto ás e aos demais e á natureza, constitúen a finalidade principal da educación emocional. A vivencia e expresión asertiva e compartida de emocións e sentimentos pode darse en múltiples contextos e situacións, entre eles, e de forma sobresaliente, nos da experiencia estética, pero tamén naquelas relativas á deliberación compartida sobre problemas morais e cotiáns, polo que as actividades para desenvolver esta competencia poden integrarse á perfección en case calquera tipo de proceso que fomente a creatividade, o diálogo, a reflexión e o xuízo autónomo. O obxectivo é que o alumnado aprenda a recoñecer, avaliar e xestionar as súas propias emocións, así como a comprender e respectar as dos demais, reflexionando sobre o seu significado, atendendo aos valores, crenzas e ideas que están na súa xénese e ponderando o seu papel en relación con algunhas das máis nobres accións e experiencias humanas.

As competencias clave son un conxunto de capacidades que permiten actuar e resolver de maneira eficaz situacións de distinto tipo tanto dentro do contexto educativo como fóra deste. A súa importancia radica, polo tanto, en que o seu tratamento permite combinar unha serie de aspectos que posibilitan o crecemento construtivo das persoas dentro do ámbito académico, social e profesional. Por estes motivos, as competencias clave están estreitamente vencelladas cos obxectivos definidos, o cal xustifica a necesidade de actividades de aprendizaxe que permitan avanzar cara ó desenvolvemento de máis dunha competencia ao mesmo tempo para, desta forma, proporcionar unha educación integral. A materia de Ámbito social permite traballar todas as competencias e, para favorecer a súa consecución, deseñamos diversos tipos de actividades nas que os contidos non son un fin en si mesmos, senón que a súa abordaxe dende múltiples perspectivas permite avanzar cara a adquisición e optimización de novas destrezas.

3. Relación de unidades didácticas

Módulo III

UD1. Os sectores económicos e a globalización

UD2. O mundo da política: Estado, democracia e dereitos

UD3. Un século de revolucións

Módulo IV

UD4. Máquinas, imperios e trincheiras. O mundo ata 1918

UD5. A época de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial

UD6. A Guerra Fría e o mundo multipolar actual: novos conflitos, globalización e o papel da Unión Europea

UD7. A ditadura franquista e a Transición



4. Distribución do currículo nas unidades didácticas

UD	TÍTULO	CONTIDOS
1	Os sectores económicos e a globalización	<ul style="list-style-type: none"> • A actividade económica e os sectores produtivos: sector primario, secundario e terciario. • Sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. • O mundo laboral. O emprego na sociedade actual. • A globalización. Dereito internacional e cidadanía global
2	O mundo da política: Estado, democracia e dereitos	<ul style="list-style-type: none"> • A política. Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. • Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE. • Formas de Estado e tipos de goberno. • A democracia: principios, procedementos e institucións. • A participación democrática: ser cidadáns. • Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. • Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. • O Estado español como estado social e democrático de dereito • Valores constitucionais. • A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. • Os desafíos da democracia actual.
3	Un século de revolucións	<ul style="list-style-type: none"> • A crise do Antigo Réxime. A Ilustración o Despotismo Ilustrado e as novas teorías económicas. • As revolucións liberais. O liberalismo como ideoloxía. A independencia dos EUA e a Revolución Francesa. • Período napoleónico. A Europa da Restauración co Congreso de Viena. • España no imperio napoleónico. Guerra da Independencia.



		<ul style="list-style-type: none"> • As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, principios básicos. Aspectos fundamentais da España do século XIX. • A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII. • Goya. Interpretación dos cadros A carga dos mamelucos e Os Fusilamentos do 3 de maio. O patrimonio como ben e como recurso. • Comparativa das revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade. Movementos obreiros
4	Máquinas, imperios e trincheiras. O mundo ata 1918	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, da cronoloxía, da simultaneidade e da duración. • As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo. • Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa. • A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea
5	A época de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial	<ul style="list-style-type: none"> • O período de Entreguerras. O crack do 29 e os totalitarismos. • Da Segunda República en España á Guerra Civil. A muller na República. • Orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. • As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados. Interpretación do Guernica de Pablo Picasso.
6	A Guerra Fría e o mundo multipolar actual: novos conflitos, globalización e o papel da Unión Europea	<ul style="list-style-type: none"> • A guerra fría e a política de bloques e a descolonización. • Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. • A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. • A atención ás vítimas da violencia. • Accións individuais e colectivas en favor da paz. • A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. • O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.



		<ul style="list-style-type: none"> • A convivencia pacífica e segura. • Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. • Proceso de construción europea. As institucións europeas e o Estado de benestar. • Os valores do europeísmo. • Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. • Dignidade humana e dereitos universais. • A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social. • O dereito internacional e a cidadanía global. • Economía sustentable e ecolóxica na globalización. A nova lóxica do crecemento: economía circular, economía azul e soberanía alimentaria.
7	A ditadura franquista e a Transición	<ul style="list-style-type: none"> • Da Ditadura de Franco á transición política e á configuración do Estado democrático coa Constitución de 1978. • O Estado español como estado social e democrático de dereito. • Valores constitucionais. • A memoria democrática. • A muller no franquismo e na democracia

5. Relación dos bloques de contido e os obxectivos específicos do ámbito

Ámbito Social Módulo III	
Bloque 1. Retos do mundo actual, xustiza, ética ambiental e sustentabilidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea, xerar produtos orixinais e creativos, incidindo o uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas en que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	OBX4
• CA1.2. Identificar os elementos da contoma física e humana e comprender o seu funcionamento valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	OBX7
• CA1.3. Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contoma natural, rural e urbana defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	OBX8
• CA1.4. Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro.	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Procura de información, elaboración de traballos ou proxectos en que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes e exposición orais sobre diferentes temas que se abordan no curso. • A actividade económica e os sectores produtivos: sector primario, secundario e terciario. • Sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. • A globalización. • Dereito internacional e cidadanía global. 	
Bloque 2. Sociedades, territorios e democracia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, dignidade e dereitos humanos.	OBX2
• CA2.2. Identificar os principais feitos históricos do século XVIII e inicios do XIX nos diferentes contextos.	OBX1
• CA2.3. Valorar os cambios que se propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos e que teñen unha incidencia no presente.	OBX3
• CA2.4. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • O mundo laboral. O emprego na sociedade actual. • Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. • Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE. • A política. Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. • Formas de Estado e tipos de goberno. • A democracia: principios, procedementos e institucións. • O Estado español como estado social e democrático de dereito. • Valores constitucionais. • Os desafíos da democracia actual. • A crise do Antigo Réxime. A Ilustración o Despotismo Ilustrado e as novas teorías económicas. • As revolucións liberais. O liberalismo como ideoloxía. A independencia dos EUA e a Revolución Francesa. • Período napoleónico. A Europa da Restauración co Congreso de Viena. • España no imperio napoleónico. Guerra da Independencia. • As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, principios básicos. Aspectos fundamentais da España do século XIX. • Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. • Comparativa das revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade. Movementos obreiros. • A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII. • Goya. Interpretación dos cadros <i>A carga dos mamelucos</i> e <i>Os Fusilamentos do 3 de maio</i>. O patrimonio como ben e como recurso. 	
Bloque 3. Autonomía moral, compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual, recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados, xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX6
• CA3.2. Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes, actuando en favor do seu desenvolvemento e defendendo os valores constitucionais e democráticos.	OBX3
• CA3.3. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX2
• CA3.4. Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e da toma razoada e dialogante de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade, a pobreza, os dereitos fundamentais, a igualdade de xénero e o coñecemento dos dereitos LGTBIQ+.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. • A participación democrática: ser cidadáns. • O conflito lexitimidade-legalidade. • Obxección de conciencia. • A responsabilidade das accións. • A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. 	



Ámbito Social Módulo IV	
Bloque 1. Retos do mundo actual, xustiza, ética ambiental e sustentabilidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, cartafolios, presentacións, medios audiovisuais e exposicións orais sobre temas de interese expresando xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa.	OBX4
• CA1.2. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade e os valores democráticos.	OBX2
• CA1.3. Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none">• Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización.• Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz.• A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.• O obxecto da ética.• A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.• Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.• Propostas transhumanistas.• O desafío da intelixencia artificial.	
Bloque 2. Sociedades, territorios e democracia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou cartafolios informativos, e utilizar secuencias cronolóxicas en que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	OBX4
• CA2.2. Identificar os principais feitos históricos a partir de finais do século XIX ata a actualidade e valorar os cambios que propiciaron e como foron conformando as bases do mundo contemporáneo e actual.	OBX1
• CA2.3. Coñecer, contribuír e conservar o patrimonio material e inmaterial común, adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e á solidariedade.	OBX1
• CA2.4. Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común a partir da comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	OBX3
• CA2.5. Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	OBX8



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, da cronoloxía, da simultaneidade e da duración. • As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo. • Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa. • O período de Entreguerras. O crack do 29 e os totalitarismos. • Da Segunda República en España á Guerra Civil. A muller na República. • Orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. • Da Ditadura de Franco á transición política e á configuración do Estado democrático coa Constitución de 1978. A muller no franquismo e na democracia. • O Estado español como estado social e democrático de dereito. • Valores constitucionais. • A memoria democrática. • A guerra fría e a política de bloques e a descolonización. • As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados. Interpretación do Guernica de Pablo Picasso. • A acción dos movementos feministas e sufragistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea. • Proceso de construción europea. As institucións europeas e o Estado de benestar. 	
Bloque 3. Autonomía moral, compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.	OBX3
• CA3.2. Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais, recoñecendo a súa contribución á paz e á cooperación internacional e destacando o seu labor por un desenvolvemento sustentable analizando os elementos da paisaxe e os problemas ecosociais nunha cidadanía global.	OBX7
• CA3.3. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual, recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados, e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX8
• CA3.4. Identificar, xestionar e comunicar con comprensión e empatía demostrando autonomía moral mediante a deliberación racional arredor do exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable das redes, as condutas afectivas e o acoso, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Os valores do europeísmo. • Dignidade humana e dereitos universais. • A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social. • A convivencia pacífica e segura. • A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. • A atención ás vítimas da violencia. • Accións individuais e colectivas en favor da paz. • A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. • O dereito internacional e a cidadanía global. • O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz. • Os códigos deontolóxicos. • Economía sustentable e ecolóxica na globalización. A nova lóxica do crecemento: economía circular, economía azul e soberanía alimentaria. 	

6. Concrecións metodolóxicas

As persoas adultas, cando chegan ao centro educativo, dispoñen dunha gran cantidade de información e de experiencias sobre o mundo que as rodea. Constantemente reciben información e valoracións sobre a vida en sociedade, a través dos medios de comunicación, dos seus líderes sociais e políticos, da interacción cos seus iguais. Termos como historia, identidade, nación, Estado, constitución, emigración, etc. son manexados constantemente, en moitos casos cunha gran carga emotiva. Por outra banda, ao longo da súa propia traxectoria vital, as persoas adultas experimentan os aspectos positivos e negativos da vida en sociedade, e coñecen o significado de realidades como conflito, discusión, diálogo, influencia, poder social ou violencia.

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias



e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida. As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar decisións no ámbito da educación para as persoas adultas. Por iso, cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

A metodoloxía utilizada nas ensinanzas do ámbito social da educación secundaria para persoas adultas debe ter como horizonte o desenvolvemento de aprendizaxes significativas no alumnado. Unha das características máis relevantes das aprendizaxes significativas é a súa permanencia, porque establece un elevado número de relacións entre o novo coñecemento adquirido e a estrutura cognitiva do alumno. Esta, no caso da persoa adulta, está moi ancorada nunhas experiencias máis ricas e complexas cás dun adolescente. Isto implica que, nas persoas adultas, e moi especialmente no ámbito social, existen máis posibilidades de establecer relacións entre o novo coñecemento e os esquemas mentais que elas posúen. Os enfoques globalizadores favorecen a motivación e a riqueza dos significados que conforman os esquemas cognitivos.

Esta concepción metodolóxica baséase no principio de que toda situación de ensino- aprendizaxe debe partir dunha situación próxima á realidade, neste caso da persoa adulta, e que esta situación debe resultarlle interesante e crearlle a necesidade de formular cuestións e problemas a que lles debe dar resposta. Para isto, cómpre utilizar instrumentos conceptuais e técnicos que proveñan das distintas disciplinas, pero a súa presentación aos alumnos adultos debe vir xustificada desde o achegamento a temas dunha realidade que coñecen, que desecan analizar e comprender, e na cal poidan intervir. En calquera caso, debe recordarse que hoxe en día o máis próximo na experiencia non é necesariamente o que especialmente temos a carón de nós, e que realidades especialmente distantes nos son familiares pola súa presenza recorrente no cine e nos medios de comunicación audiovisuais.

O estudo dos contidos procedentes da xeografía debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables -naturais e humanas que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta. O estudo dos fenómenos sociais debe insistir permanentemente na diferenza entre a realidade deses fenómenos e as interpretacións que recibimos deles a través de todo tipo de fontes, favorecendo así o relativismo das interpretacións sociais e o respecto polas posturas diferentes e evitando o maniqueísmo.



Deberase desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á xeografía de Galicia.

A educación para a cidadanía en persoas adultas debe transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axude a superar calquera tipo de discriminación. Deste xeito contribuirán á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúen a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades. Cos contidos procedentes da educación plástica e visual, e da música desenvolveranse no alumnado as capacidades perceptivas.

Neste ámbito débese adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. O coñecemento social adquirese a partir das fontes orais, textuais e materiais, da indagación e da utilización e busca da información, Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

Se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima.

A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender. É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Unha metodoloxía que teña en conta tales aspectos favorecerá, polo tanto, que o alumnado poida deseñar os seus obxectivos de aprendizaxe, e que identifique as tarefas máis adecuadas para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, contribuíndo á súa superación persoal.

A implicación activa das persoas adultas nos procesos de formación só é posible se senten partícipes deles, é dicir, se están implicadas en todo o proceso educativo. Así, o papel fundamental do profesorado consiste principalmente en facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe máis que en transmitir coñecementos, o que constitúe un dos principios básicos da educación das persoas adultas.

Para poder implicarse e participar no seu proceso educativo, as persoas adultas deberán coñecer a intención da educación, os contidos, a metodoloxía, os criterios de avaliación e a organización das ensinanzas e realizar a análise deste proceso, que se verá enriquecido coas súas achegas. Estas deberán ser acordadas entre os membros do grupo e o profesorado, de xeito que, ao longo do seu desenvolvemento, se tomen as decisións oportunas sobre o tipo de soporte pedagóxico máis adaptado á súa realidade e se facilite, por unha banda, a consolidación do grupo como tal, a través



do debate, da discusión dirixida, da negociación, etc. e, pola outra, a configuración doutras estratexias que posibilitan que cada centro teña un estilo dinámico propio e diferencial.

Toda proposta metodolóxica debe considerar que a educación é un proceso social polo que se lle transmite ao alumnado unha determinada cultura, xa que todas as sociedades transmiten explicitamente, mediante a educación, os seus costumes e modos de pensamento. Pero debido aos continuos e rápidos cambios sociais, científicos e tecnolóxicos da sociedade de principios do século XXI, a sociedade en que vivimos desenvólvese nun contexto multicultural; de aí a necesidade de que a educación das persoas adultas deba abordarse desde unha perspectiva intercultural, aínda que sen renunciar á identidade orixinal de cada un. Polo tanto, as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo, como investigadoras e creativas que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio, favorecer a integración da información dentro dos seus esquemas cognitivos e promover a autoaprendizaxe.

7. Materiais e recursos didácticos

Para a o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe, nesta materia contarase cos recursos indicados na seguinte táboa:

Denominación
Apuntes e materiais elaborados polo propio docente.
Auula virtual do centro.
Mapas físicos e políticos.
Gráficas de diverso tipo.
Artigos de prensa e documentos de texto seleccionados.
Fragmentos de filmes documentais, videos e escenas de recreación histórica.
Ordenadores e canón proxector.

8. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos. Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.



- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e/ou Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.

- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que os alumnos teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación. Dita proba inicial realizárase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

9. Criterios de cualificación e recuperación

Para valorar os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas polo alumnado empregaranse os criterios de avaliación, que mediremos a través das probas, rúbricas e outros instrumentos elaborados polo profesorado do departamento.

1. Procedementos

Os procedementos de avaliación incluírán as probas escritas, a análise das producións do alumnado, a realización de cuestionarios, os intercambios orais co alumnado e a observación sistemática.

2. Instrumentos

- Probas escritas: ao longo de cada trimestre realizárase, como mínimo, unha proba escrita dos temas traballados. O número máximo de exames non poderá superar o número de temas de avaliación. Estas probas levaranse a cabo no horario lectivo da materia e axustaranse ao tempo de duración da clase (50 minutos) e estarán axustadas ás características do alumnado (nivel inicial, coñecementos previos, necesidades específicas, etc.). As probas escritas cualificaranse nunha escala de 0 a 10 e poderán incluír diferentes tipos de preguntas: de desenvolvemento, curtas ou tipo test; de relación de conceptos; de identificación e comentario de imaxes; de definición de termos, etc. En cada exame indicárase a puntuación correspondente a cada cuestión. As respostas correctas recibirán a puntuación máxima, mentres que as incorrectas ou incompletas reducirán a nota segundo uns criterios obxectivos previamente fixados polo docente. A cualificación final da proba será a suma das puntuacións obtidas en cada cuestión.



- Táboa de indicadores: comprenderá todas as tarefas, producións e aspectos procedementais encomendados ao alumnado, tales como traballos escritos, informes, redaccións, presentacións dixitais, caderno e cartafol, resumos, pósters ou exposicións orais tanto individuais como en grupo. Para a súa corrección aplicaranse rúbricas e outros instrumentos adaptados a cada tarefa.

3. Criterios de cualificación e recuperación

A nota de cada avaliación trimestral calcularase a partir da media ponderada das probas escritas realizadas e do resto dos instrumentos de avaliación, segundo a seguinte distribución:

- O 70% da cualificación corresponderá á nota media das probas escritas.
- O 30% da cualificación corresponderá á nota media ponderada das diferentes producións realizadas polo alumnado (deberes, traballos, esquemas, redaccións, etc.).

Para considerar superada e aprobada a avaliación, será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Se a finais do módulo a media non é igual ou superior a 5 puntos, o alumnado nesta situación deberá realizar unha recuperación final dos temas suspensos. A cualificación desta proba substituirá ás notas dos temas suspensos sempre que a nota obtida sexa máis alta que as outras. Se a recuperación abrangue a totalidade da materia, a nota final será a obtida nesta proba global seguindo o criterio previamente citado. De ser o caso, o docente poderá mandar facer as tarefas non realizadas durante o curso.

Se tras esta recuperación final o alumnado non aproba a materia, este terá dereito a realizar unha recuperación final extraordinaria dentro das datas establecidas pola dirección do centro.

4. Aproximación nas cualificacións

As notas finais teñen que ser expresadas en números enteiros sen decimais. A nota que figure no boletín seguirá os seguintes criterios: cando o decimal sexa igual ou superior a 0,6 a nota arredondarase ao enteiro superior; se é inferior a 0,6 arredondarase ao enteiro inferior.

5. Outros aspectos relacionados coa avaliación

5.1. Ausencia a probas escritas

Cando unha alumna ou alumno non poida realizar algunha proba obxectiva de avaliación (exames) por motivo xustifico deberá xustificar documentalente nun prazo adecuado a causa e realizará a proba ou probas cando as circunstancias permitan a súa realización.

5.2. Utilización de métodos fraudulentos en probas escritas e noutros instrumentos de avaliación

En calquera das avaliacións (ordinaria ou extraordinaria) toda proba escrita recibirá unha nota de 0 se existe constancia, incluso a posteriori, de que o alumno/a copiou, se permitiu que outros copiasen ou se utilizou métodos fraudulentos durante a realización do exame (chuletas,



intercambio de exames, uso de teléfono móbil, reprodutores de mp3, dispositivos de grabación, smartwatch, miniauriculares, intelixencia artificial ou calquera outro medio dixital, electrónico ou que permita o contacto co exterior).

No caso de que o alumno ou alumna non fose sorprendido in fraganti durante a realización da proba, ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en pdf ou webs doadamente localizables en Internet -wikipedia, dicionarios, blogs, intelixencia artificial-...) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) o feito de cualificar cunha nota de 0 dita proba escrita. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición da proba ou non.

No caso de producións que non fosen elaboradas polo alumnado, senón por terceiras persoas ou mediante o uso de intelixencia artificial, estas serán cualificados cun 0. Do mesmo xeito, non se cualificarán actividades ou traballos que consistan exclusivamente nun 'copia e pega' de páxinas de Internet, programas informáticos, aplicacións ou ferramentas de intelixencia artificial.

10. Medidas de atención á diversidade

Toda medida de atención á diversidade implica adaptar a nosa actividade á aprendizaxe de todos os alumnos, é dicir, debemos incluír a todos os alumnos nas actividades normais do grupo pero, ó mesmo tempo, debemos prestar máis atención a aqueles alumnos que o necesiten. Nas nosas clases, trataremos esta diversidade suxerindo actividades non discriminatorias, métodos de compensación, instrumentos de avaliación flexibles ou temas transversais que inclúan a todos os alumnos.

Aínda que no noso sistema educativo hai varias medidas para atender a diversidade, centrarémonos en aquelas deseñadas e desenroladas polo profesor individualmente aínda que en colaboración con outros membros do profesorado:

A adaptación do currículo é unha medida extraordinaria que se adoptaría se ó longo do curso se detectase algún alumno con necesidades especiais.

En canto ó reforzo educativo, as nosas actividades tentan ser un mecanismo efectivo na atención á diversidade, xa que existen actividades de reforzo e de extensión. Non só teremos en conta aos alumnos con dificultades de aprendizaxe senón tamén aos que poden afondar máis nos contidos.

11. Concreción dos elementos transversais

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes: Educación moral e cívica; Educación para a paz; Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos; Educación



ambiental; Educación para a saúde e educación sexual; Educación viaria; Educación para o consumo.

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersonal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas, e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste Ámbito Social incidirase especialmente na igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz, a interculturalidade, etc. Valoraranse as actitudes que se desprenden do desenvolvemento de actividades voluntarias relacionadas con estes aspectos e pautas de comportamento na aula.

Farase fincapé en cuestión coma as seguintes:

- Preocupación pola rigorosidade e obxectividade na interpretación da información histórica.
- Adquirir sensibilidade ante os problemas sociais derivados de situacións de desigualdade.
- Valorar criticamente o papel do cambio tecnolóxico no proceso histórico.
- Valorar negativamente as desigualdades xurídicas, determinadas actitudes como o despotismo, e certas actividades coma o tráfico de escravos.
- Fomentar o respecto ás ideas e a importancia da convivencia pacífica.
- Inculcar a permeabilidade ao intercambio de opinións, informacións e criterios.
- Desenvolver hábitos e prácticas democráticas.
- Rexeitar a discriminación sexual e fomentar a igualdade de oportunidades.
- Apreciar a diversidade étnica e cultural.
- Valorar a convivencia pacífica entre os pobos.
- Rexeitar a discriminación racial e fomentar a igualdade dos seres humanos.
- Valorar negativamente o recurso á violencia.
- Fomentar o respecto ás ideas e desenvolver hábitos de tolerancia, de respecto e de diálogo para resolver os conflitos.
- Valorar negativamente os extremismos políticos.
- Rexeitar a violencia como método de resolución dos conflitos.



- Mostrar rexeitamento polos réximes que vulneren os dereitos humanos.
- Tomar conciencia dos grandes problemas mundiais e adoptar unha actitude responsable ante eles.

12. Actividades complementarias

A singularidade da educación de adultos fai que sexa moi complicado deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos.

O profesor, cando sexa posible, fará referencia a tódalas posibilidades artísticas, culturais e científicas que se organicen na nosa Comunidade, sendo consciente de que a dispersión territorial do alumnado e a multiplicidade de actos fará imposible o coñecemento e a asistencia á maioría deles.

13. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
Avaliase e cualifícase segundo o establecido na programación didáctica.
Revísase de forma periódica o desenvolvemento da programación e que esta se cumpra.
Metodoloxía empregada
O profesorado adecúase na súa metodoloxía ás unidades didácticas e as circunstancias específicas.
Empréganse materiais diversos e propóñense actividades tamén diversas e máis creativas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aplícanse os protocolos establecidos no centro e metodoloxías flexibles a cada caso concreto.
Medidas de atención á diversidade
As sesións están planificadas pero poden modificarse atendendo ás necesidades ou intereses do alumnado.
Adecúanse todos os elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado.



Clima de traballo na aula
Conséguese motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras.
Promóvense hábitos de traballo colaborativos.
Foméntase un bo clima de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aténdese e úsanse as canles de comunicación establecidas polo centro coas familias.
Respóndese con dilixencia á solicitude de informes por parte da persoa titora e do equipo directivo.

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para axustar o proceso de ensino e aprendizaxe que se programe. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe xunto cuns indicadores, que a persoa docente pode avaliar escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, como observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes).

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación, así como das posibles modificacións ou propostas de mellora, nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a práctica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

Cara o remate do 3º trimestre realizarase unha enquisa co alumnado que incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final do departamento.

Algunhas propostas relacionadas coa información que se pretende acadar poderían ser as seguintes:

- Temporalización da programación e das unidades didácticas: Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de desenvolver tanto as unidades didácticas como a programación xeral.



- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal da persoa docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
- Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases: Mediante unha listaxe de incidencias controlárase e valorárase o uso do material recollendo aspectos como o uso e o abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...
- Mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: Mensualmente no departamento didáctico analízase o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.
- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe: Análise dos resultados obtidos na avaliación final (Podería empregarse un criterio de control porcentual: por exemplo, o 80% do alumnado supera a materia.
- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías.

14. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe que se leve a cabo (procedementos, actividades e resultados acadados polo alumnado) para reflexionar acerca das posibles propostas de mellora e así facer as modificacións que se consideren oportunas.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens se é posible, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade diaria (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou se hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analízase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:
 - Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.



2. Analizaranse as dificultades atopadas por parte do alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores.

4. Os instrumentos que se empreguen para achegarse á información serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro (onde anotar os aspectos máis cuantificables).
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación (que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos).
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

A información que se obteña incluírase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.